

**RESOLUCIÓN do 5 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) das instalacións do parque eólico Suído I, así como a das súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Lalín e Dozón (Pontevedra) e O Irixo (Ourense), promovido por Desenvolvementos Renovables del Norte, S.L.U. (expediente IN408A/2020/008). DOG Núm. 82, do 29 de abril de 2022. **Fin prazo para alegacións: 13 de xuño de 2022.****

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220429/AnuncioG0596-070422-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220429/AnuncioG0596-070422-0001_gl.html)

NOME DO PROXECTO	EMPRESA PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Suído I	Desarrollos Renovables del Norte, S.L.U.	Lalín e Dozón (Pontevedra) e O Irixo (Ourense)	<p>As características técnicas principais das instalacións de xeración, transformación e interconexión do parque eólico, así como as das súas infraestruturas de evacuación incluídas no proxecto, son as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 7 aeroxeradores modelo Nordex N163 de 5.700 kW de potencia nominal unitaria cunha altura de torre de 148 metros e cun diámetro de rotor de 163 metros.</li> <li>• 7 centros de transformación, instalados unitariamente no interior da góndola de cada aeroxerador, formados por transformadores de 6.350 kVA de potencia nominal e relación de transformación 30/0,75 kV, celas de 30 kV e os correspondentes equipos de protección, telemando e demais elementos auxiliares.</li> <li>• Rede subterránea a 30 kV, con condutor tipo RHZ1 18/30 kV; os 7 aeroxeradores agrúpanse en tres circuítos, cada un á tensión de 30 kV.</li> </ul> <p>O primeiro circuítos está constituído por 2 aeroxeradores A1.1 e A1.2 cunha potencia de 11,4 MW.</p> <p>O segundo circuítos está constituído por 3 aeroxeradores A2.3, A2.2 e A2.1 cunha potencia de 17,1 MW.</p> <p>O terceiro circuítos está constituído por 2 aeroxeradores A3.2 e A3.1 cunha potencia de 11,4 MW.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ampliación de la subestación transformadora de Valdepereira 30/132 kV, consistente en: <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Ampliar as barras de 132 kV.</li> <li>◦ Instalación dunha posición de transformador de 132 kV.</li> <li>◦ Instalación dun transformador de 132/30 kV 38/47 MVA ONAN/ONAF.</li> <li>◦ Instalación dun sistema de 30 kV, que inclúe un transformador de servizos auxiliares de 150 kVA de relación nominal 30/0,4 kV.</li> </ul> </li> </ul>

- |  |  |  |   |
|--|--|--|---|
|  |  |  | <ul style="list-style-type: none"><li>• Dentro deste proxecto prevese a construción dun edificio, que constará dunha sala para transformador de servizos auxiliares, unha sala para o grupo electrógeno, unha sala de celas e unha sala de control.</li></ul> |
|--|--|--|---|

De acordo co disposto polo artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e polas demais normas de aplicación, relacionadas ao inicio desta resolución, constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos: proxecto de execución, estudo de impacto ambiental e proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico).